2. Cantos beneficiarios da RISGA houbo durante o ano 2010 no concello de Outes? Canto tempo levan percibindo a prestación? Cal é a súa distribución por sexos e por tramos de idade?
3. Cantos beneficiarios da RISGA houbo durante o ano 2011 no concello de Outes? Canto tempo levan percibindo a prestación? Cal é a súa distribución por sexos e por tramos de idade?

Pazo do Parlamento, 29 de decembro de 2011


Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Beatriz Sestayo Doce
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
M^a Dolores Rodríguez Amoroso
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 29/12/2011 12:46:59

Beatriz Sestayo Doce na data 29/12/2011 12:47:08



 Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/12/2011 12:47:12

Maria Dolores Rodriguez Amoroso na data 29/12/2011 12:47:17

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Lage Tuñas, Beatriz Sestayo Doce, Xoaquín M^a Fernández Leiceaga e M^a Dolores Rodríguez Amoroso, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

1. Cantos beneficiarios da RISGA houbo durante o ano 2009 no concello de Muros? Canto tempo levan percibindo a prestación? Cal é a súa distribución por sexos e por tramos de idade?
2. Cantos beneficiarios da RISGA houbo durante o ano 2010 no concello de Muros? Canto tempo levan percibindo a prestación? Cal é a súa distribución por sexos e por tramos de idade?
3. Cantos beneficiarios da RISGA houbo durante o ano 2011 no concello de Muros? Canto tempo levan percibindo a prestación? Cal é a súa distribución por sexos e por tramos de idade?

Pazo do Parlamento, 29 de decembro de 2011


Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Beatriz Sestayo Doce
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
M^a Dolores Rodríguez Amoroso
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 29/12/2011 12:50:50

Beatriz Sestayo Doce na data 29/12/2011 12:50:55



 Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/12/2011 12:51:00

Maria Dolores Rodriguez Amoroso na data 29/12/2011 12:51:04

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Lage Tuñas, Beatriz Sestayo Doce, Xoaquín M^a Fernández Leiceaga e M^a Dolores Rodríguez Amoroso, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

1. Cantos beneficiarios da RISGA houbo durante o ano 2009 no concello de Lousame? Canto tempo levan percibindo a prestación? Cal é a súa distribución por sexos e por tramos de idade?
2. Cantos beneficiarios da RISGA houbo durante o ano 2010 no concello de Lousame? Canto tempo levan percibindo a prestación? Cal é a súa distribución por sexos e por tramos de idade?
3. Cantos beneficiarios da RISGA houbo durante o ano 2011 no concello de Lousame? Canto tempo levan percibindo a prestación? Cal é a súa distribución por sexos e por tramos de idade?

Pazo do Parlamento, 29 de decembro de 2011


Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Beatriz Sestayo Doce
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
M^a Dolores Rodríguez Amoroso
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 29/12/2011 12:51:32

Beatriz Sestayo Doce na data 29/12/2011 12:51:37



 Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/12/2011 12:51:44

Maria Dolores Rodriguez Amoroso na data 29/12/2011 12:51:50

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Lage Tuñas, Beatriz Sestayo Doce, Xoaquín M^a Fernández Leiceaga e M^a Dolores Rodríguez Amoroso, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta por escrito.

1. Cantos beneficiarios da RISGA houbo durante o ano 2009 no concello de Porto do Son? Canto tempo levan percibindo a prestación? Cal é a súa distribución por sexos e por tramos de idade?
2. Cantos beneficiarios da RISGA houbo durante o ano 2010 no concello de Porto do Son? Canto tempo levan percibindo a prestación? Cal é a súa distribución por sexos e por tramos de idade?
3. Cantos beneficiarios da RISGA houbo durante o ano 2011 no concello de Porto do Son? Canto tempo levan percibindo a prestación? Cal é a súa distribución por sexos e por tramos de idade?

Pazo do Parlamento, 29 de decembro de 2011


Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Beatriz Sestayo Doce
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
M^a Dolores Rodríguez Amoroso
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 29/12/2011 13:02:42

Beatriz Sestayo Doce na data 29/12/2011 13:02:47




 Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/12/2011 13:02:51

Maria Dolores Rodriguez Amoroso na data 29/12/2011 13:02:56

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa á elaboración e aprobación do VI Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes.

O Parlamento de Galiza, durante o debate de política xeral do ano 2011, aprobou por unanimidade unha Resolución na que instaba á Xunta de Galiza a “aprobar e tramitar, pola vía parlamentaria no presente período de sesións o VI Plan Galego de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes”. É evidente que esta resolución non se cumpriu e que a Xunta ten situado nun plano secundario as políticas a prol da eliminación das discriminacións que seguen padecendo as mulleres.

O BNG denunciou ao longo desta lexislatura os retrocesos que se teñen producido nas políticas de igualdade. Retrocesos que están situados tanto no plano material, como no terreo ideolóxico. Consecuencia destas políticas, as galegas teñen hoxe unha situación peor que hai tres anos e observamos con preocupación a deturpación que se realiza das políticas de igualdade.

A situación que viven as galegas debía motivar accións contundentes por parte da Xunta de Galiza. A crise está a provocar un deterioro das condicións de vida e un incremento das desigualdades, incluídas as de xénero. Urxe actuar en todos os terreos e deseñar unha estratexia global que permita afrontar esta situación, deseñando e aplicando a perspectiva de xénero na acción da Xunta de Galiza. Porén, non semella esta unha prioridade ou preocupación do Goberno.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo dito, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.^a) Que razóns levan á Xunta de Galiza a incumprir a resolución do Parlamento de Galiza na que se reclamaba a elaboración do VI Plan Galego de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes?

2.^a) Ten previsto a Xunta de Galiza elaborar e aprobar o VI Plan Galego de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes?


3.^a) Que obxectivos concretos pretende acadar a Xunta de Galiza no VI Plan Galego de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes?

4.^a) Que metodoloxía vai empregar para a súa elaboración?

5.^a) Vai remitir ao Parlamento de Galiza o VI Plan Galego de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes, tal e como se recolle na citada resolución?
En que prazo?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2011.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo
Deputada do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2011 13:31
Nº Rexistro: 75415
Data envío: 29/12/2011 13:31:37.744

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 29/12/2011 13:29:59



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Lage Tuñas, Beatriz Sestayo Doce, Xoaquín M^a Fernández Leiceaga e M^a Dolores Rodríguez Amoroso, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

1. Cantos beneficiarios da RISGA houbo durante o ano 2009 no concello de Ribeira? Canto tempo levan percibindo a prestación? Cal é a súa distribución por sexos e por tramos de idade?
2. Cantos beneficiarios da RISGA houbo durante o ano 2010 no concello de Ribeira? Canto tempo levan percibindo a prestación? Cal é a súa distribución por sexos e por tramos de idade?
3. Cantos beneficiarios da RISGA houbo durante o ano 2011 no concello de Ribeira? Canto tempo levan percibindo a prestación? Cal é a súa distribución por sexos e por tramos de idade?

Pazo do Parlamento, 29 de decembro de 2011


Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Beatriz Sestayo Doce
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
M^a Dolores Rodríguez Amoroso
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 29/12/2011 13:47:38

Beatriz Sestayo Doce na data 29/12/2011 13:47:44



 Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/12/2011 13:47:49

Maria Dolores Rodriguez Amoroso na data 29/12/2011 13:47:54

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento


Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, sobre as accións que vai desenvolver a Xunta de Galiza para establecer un marco estábel de apoio aos festivais de cine que se celebran na Galiza.

O pasado 20 de Abril de 2011 o Parlamento de Galiza aprobaba por unanimidade unha proposición non de lei, a iniciativa do G. P. do BNG, co seguinte contido literal:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a:

1. Garantir un marco estábel de apoio aos festivais de cine e audiovisual que se organizan na Galiza, a través dunha orde de axudas, que garanta un acceso igualitario aos recursos públicos destinados a esta finalidade e que utilice criterios e baremos obxectivos na súa resolución.
2. Aclarar de maneira urxente que fondos vai destinar no ano 2011 a apoiar a celebración de festivais relacionados coa exhibición do audiovisual e determinar que departamento da Xunta de Galiza vai ser o interlocutor co sector”.

A piques de entrar no ano 2012, comprobamos como esta resolución non foi tida en conta pola Xunta de Galiza. Nin houbo orde de axudas, nin información sobre os fondos destinados aos festivais no ano 2011, nin un interlocutor único para o sector.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Consideramos que o Goberno galego debe atender esta demanda unánime do Parlamento de Galiza, non só por sentido democrático, senón porque este acordo recolle unha demanda do propio sector. As persoas e entidades que organizan os festivais de cinema e audiovisual veñen reclamando unha política clara en relación co apoio da Xunta a estes eventos. Durante esta legislatura foron múltiples as voces que alertaron sobre a indefinición da Xunta nesta materia e a situación crítica na que situaba a moitos festivais galegos, poñendo en risco a súa continuidade.

Unha situación, que non de corrírse, pode agudizarse no ano 2012 con efectos negativos para o panorama audiovisual galego. Convén ter presente que os festivais son un elemento dinamizador relevante, dando saída a producións culturais que teñen dificultades para acceder aos circuítos comercias e cumpren unha función visibilizadora do sector moi relevante.

A fin de avaliar a posición da Xunta de Galiza sobre este aspecto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.^a) Que razóns levaron a Xunta de Galiza a incumprir o acordo, ao que se fai referencia na parte expositiva, ao longo do ano 2011?

2.^a) Ten previsto a Xunta de Galiza dar cumprimento durante o ano 2012 ao acordo parlamentar ao que se fai referencia na parte expositiva?

3.^a) En caso afirmativo, cando ten previsto a Xunta de Galiza publicar unha orde de axudas para apoiar a organización de festivais de cinema e audiovisual?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4.^a) Que cantidade ten consignado nos orzamentos do ano 2012 para esta orde de axudas?

5.^a) Que criterios se van utilizar para a asignación de recursos aos diferentes festivais?

6.^a) Ten previsto a Xunta de Galiza consensuar estes criterios co sector?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2011.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 29/12/2011 14:07:20



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez e Carlos Aymerich Cano, deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa á desaparición dun mariñeiro do pesqueiro “Vulcano”, con porto base en Mera.

Na mañá do 28 de decembro o pesqueiro de artes menores “Vulcano”, con porto base en Mera, emitía unha chamada de socorro pola desaparición no mar dun dos seus tripulantes, mentres a embarcación faenaba á entrada da ría da Coruña.


Nesta nova traxedia marítima, cumpre –ademais de lamentar a desaparición dun mariñeiro- esclarecer e investigar as causas e circunstancias nas que se desenvolveron os feitos, a fin de que non se volvan repetir no futuro.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.^a) Que información posúe a Consellaría do Mar, en canto ás causas e circunstancias que rodean este accidente marítimo?

2.^a) Que medidas se adoptaron, e en que momento (hora concreta en cada caso) para pór en marcha a operación de busca e salvamento?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2011.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2011 09:30
Nº Rexistro: 75425
Data envío: 29/12/2011 14:25:23.542

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez
Carlos Aymerich Cano
Deputados do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 29/12/2011 14:24:11

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 29/12/2011 14:24:15



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2012 11:04
Nº Rexistro: 75479
Data envío: 03/01/2012 11:04:30.833

Á MESA DO PARLAMENTO

Fernando Branco Parga, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.


Entre as medidas de minoración do gasto, aprobadas no Consello de Ministros/as do pasado 30 de decembro de 2011, está a eliminación do financiamento de infraestruturas en compensación polo cese de actividade da minaría do carbón.

O capítulo de infraestruturas, xunto con axudas á implantación de empresas, becas, formación e custes sociais, conforman o coñecido como Plan do Carbón.

Esta decisión sobre as infraestruturas tómase cando o Plan está en vigor até finais do ano 2012 e cando en Galiza, a diferenza doutras Comunidades Autónomas do Estado, apenas realizáronse actuacións concretas.

Por este motivo, o **Grupo Parlamentar do BNG** formula as seguintes preguntas:

- Cantos proxectos de actuación en infraestruturas, recollidos no Protocolo de Colaboración entre a Xunta e o Goberno do Estado, están pendentes de desenvolver?
- Cantos proxectos construtivos financiou a Xunta de Galiza?, cantos destes se executaron?
- Cal foi a achega económica da Xunta de Galiza para o cofinanciamento de



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2012 11:04
Nº Rexistro: 75479
Data envío: 03/01/2012 11:04:30.833

infraestruturas no actual Plan do Carbón?

- Que vai acontecer coas contías recollidas nos actuais Orzamentos da Xunta de Galiza para cofinanciar actuacións en infraestruturas do Plan do Carbón?
- Prevé, a Xunta de Galiza, algunha medida específica de compensación nas Comarcas Mineiras de Carbón?, de ser así, cal ou cales?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2012.

Asdo.: Fernando Branco Parga
Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Fernando Branco Parga na data 03/01/2012 10:58:45



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2012 12:34
Nº Rexistro: 75493
Data envío: 03/01/2012 12:34:36.827

Á Mesa do Parlamento

Ana Luisa Bouza Santiago, Carlos Aymerich Cano e Teresa Táboas Veleiro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, relativa á seguridade viaria da estrada AC-522 no seu paso polo concello de Arteixo.

Nos últimos meses téñense producido varios accidentes na vía AC-522 de titularidade autonómica, ao seu paso polo concello de Arteixo. Trátase dun tramo cunha intensidade de tráfico moi elevada e que pasa por varios núcleos de poboación e que, ao tempo, ten deficiencias na súa sinalización tanto horizontal como vertical.


Non aparecen entre as actuacións concretadas nos orzamentos da Xunta para 2012 ningunha específica que mellore a seguridade deste tramo.

Por este motivo o Grupo Parlamentar do BNG realiza as seguintes preguntas:

Coñece o Goberno galego a elevada sinistralidade do tramo da AC-522 de titularidade autonómica que transcurre polo concello de Arteixo?

Que actuacións ten previsto o Goberno galego realizar en 2012 para mellorar a seguridade viaria do devandito tramo?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2012.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2012 12:34
Nº Rexistro: 75493
Data envío: 03/01/2012 12:34:36.827


Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago
Carlos Aymerich Cano
Teresa Táboas Veleiro
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Luisa Bouza Santiago na data 03/01/2012 12:33:37

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 03/01/2012 12:33:42

Teresa Táboas Veleiro na data 03/01/2012 12:33:48



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza


Á Mesa do Parlamento

Ana Luisa Bouza Santiago, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, relativa ao desenvolvemento da disposición adicional terceira da *Lei 12/2010, do 22 de decembro, de racionalización do gasto na prestación farmacéutica da Comunidade Autónoma de Galicia*.

A devandita lei, na súa disposición adicional terceira establece *Medidas de promoción da eficacia e seguridade*: “A Consellería de Sanidade adoptará as medidas necesarias para promover a prescrición daquela alternativa terapéutica máis eficiente e segura para unha mesma afección.” para o que se impulsarán entre outras as seguintes medidas:

- ✦ A información mensual, individual e agregada por centros sanitarios e xerencias do perfil de prescrición.
- ✦ A permanente actualización da información científica dispoñible sobre os tratamentos farmacolóxicos e a formación de todo o persoal facultativo prescriptor do sistema.
- ✦ A elaboración de guías de práctica clínica inseridas na historia clínica electrónica.
- ✦ A ordenación funcional da visita médica.
- ✦ A información á poboación do uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios.

Logo dun ano da entrada en vigor, e de moitas declaracións sobre o aforro producido



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pola posta en marcha da lei, non se ofrece a mesma publicidade das medidas que se teñan iniciado en cumprimento da devandita disposición, que son garantía dunha mellor prescripción non só dende o punto de vista económico senón, mais importante, da eficacia terapéutica.

Ademáis, e malia as declaracións continuas sobre o aforro producido en farmacia de primaria, estamos asistindo a propostas pouco claras por parte de autoridades sanitarias e colexiais sobre a posibilidade de limitar o acceso a fármacos non pola vía da mellor eficacia e eficiencia terapéutica e da decisión prescriptora e por tanto clínica, senón pola vía da financiación e por tanto exclusivamente económica.

Por este motivo o Grupo Parlamentar do BNG realiza as seguintes preguntas:


Qué medidas ten posto en marcha o Goberno galego para mellorar a información á poboación sobre o uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios?

En qué centros e xerencias funciona xa a información mensual individual e agregada do perfil de prescripción e cómo se valora a súa implantación?

Cómo se realiza a permanente actualización da información científica dispoñible sobre os tratamentos farmacolóxicos e a formación de todo o persoal facultativo prescriptor do sistema?

Cántas guías de práctica clínica se incorporaron na historia clínica electrónica sobre prescripción dende a entrada en vigor da lei?

Qué novas medidas se puxeron en marcha para unha mais racional ordenación



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2012 13:21
Nº Rexistro: 75503
Data envío: 03/01/2012 13:21:01.868

funcional da visita médica?


Ten previsto o Goberno galego excluír principios activos actualmente financiados da financiación pública? Con qué criterio?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2012.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago
Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Luisa Bouza Santiago na data 03/01/2012 13:18:42



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento


Bieito Lobeira Domínguez e Alfredo Suárez Canal, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, relativa á eliminación de quince servizos de normalización lingüística noutros tantos concellos.

O Goberno do Partido Popular, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, está a eliminar as estruturas locais de defensa e normalización da lingua galega: os servizos de normalización lingüística (SNL).

O 30 de decembro de 2011 suprimíanse os servizos de normalización dos concellos de Aranga, Arzúa, Barreiros, Cabana de Bergantiños, Cariño, Cerceda, Malpica de Bergantiños, Mesía, Monfero, Santiso, Vilasantar e Zas. Pouco antes pechaban os de Dodro, O Barco de Valdeorras e Quiroga.

Son, ademais, quince postos de traballo perdidos, segundo denuncia pública da Coordinadora de Traballadoras e Traballadores de Normalización Lingüística (CTNL), que demanda do Goberno galego unha rectificación profunda da súa actuación política neste ámbito.

A crise económica non é a responsábel desta situación. É tan só unha coartada utilizada polo Goberno do Partido Popular para xustificar este novo ataque (e xa son demasiados) á lingua galega. Ataques, mentiras e vulneración da legalidade, velaí a auténtica estratexia deste goberno “galego” e da súa Secretaría Xeral de Política Lingüística.




OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cumpre lembrar que no 2011 figuraba nos Orzamentos Xerais do 2011 (daquela, nunha lei da que se derivan as correspondentes obrigas) unha partida orzamentaria destinada, precisamente, aos SNL. Nunca se utilizou. Nen houbo no 2011 ningún apoio a estes servizos dende a Secretaría Xeral de Política Lingüística, malia contar cunha partida económica específica. Descoñecemos o destino real dos fondos desviados de xeito tan fraudulento como inxusto. Só sabemos que a Fundación Camilo José Cela, subsidiada pola mesma consellaría, non correu a mesma sorte.

Tamén se incumpríu o compromiso adquirido no mes de setembro, relativo á convocatoria “en semanas” dunha nova orde de axudas aos concellos. Os resultados desta política están á vista. O Goberno do Partido Popular é quen de constituir, no mesmo ano 2011, unha “Rede de Dinamización Lingüística” nos concellos, configurada como ente exclusivamente propagandístico, de nula funcionalidade no tocante á defensa do noso idioma, que só persegue a lexitimización publicitaria das actuacións ilegais, en materia lingüística, de concellos con alcaldía do Partido Popular. E mentres, liquidan os únicos instrumentos úteis na administración local: os servizos de normalización lingüística.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita.

1. Que avaliación realiza o Secretario Xeral de Política Lingüística do proceso de peche de numerosos servizos de normalización lingüística nos concellos?
2. Por que incumpríu os seus compromisos neste ámbito?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Ten previsto demitir por este motivo?
4. Existe algún contacto coa Deputación Provincial da Coruña en relación coa convocatoria prevista por parte desa administración dirixida a garantir o funcionamento destes departamentos?
5. En caso positivo, existe algún compromiso?
6. Cal vai ser o futuro dos SNLs?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2012.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Alfredo Suárez Canal

Deputados do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 03/01/2012 14:09:38

Alfredo Suárez Canal na data 03/01/2012 14:09:41



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2012 10:58
Nº Rexistro: 75522
Data envío: 04/01/2012 10:58:57.677

Á MESA DO PARLAMENTO

Fernando Branco Parga e Ana Luísa Bouza Santiago, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Nos últimos tempos o Punto de Atención Continuada de Fene, que atende á poboación dos Concellos de Fene, Ares e Mugardos, está sufrindo importantes recortes de persoal sanitario e administrativo, deteriorándose de facto a atención sanitaria.


Por unha banda, o persoal médico non está a ser substituído, na quenda de tarde, onde traballaban catro médicos/as, actualmente só hai dúas persoas, polo que as citas de Atención Primaria véñense adiadas entre 5 e 7 días.

Tampouco se cubriron as vacantes de enfermería, polo que este servizo está tamén mingado, afectando negativamente aos usuarios/as.

A mesma situación deuse entre o persoal de administración, onde non se fixeron as substitucións nestas datas de Nadal.

Por este motivo, o **Grupo Parlamentar do BNG** formula as seguintes preguntas:

- É coñecedora a Consellaría de Sanidade desta situación?
- Cal é o motivo polo que non se fan as substitucións precisas nestes PAC para



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2012 10:58
Nº Rexistro: 75522
Data envío: 04/01/2012 10:58:57.677

manter todo o cadro de persoal?

- Prevé, a Consellaría, manter esta situación que precariza á atención sanitaria ou, pola contra, vai regularizala? De ser así, cando?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2012.

Asdo.: Fernando Branco Parga
Ana Luísa Bouza Santiago
Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Fernando Branco Parga na data 04/01/2012 10:57:38

Ana Luisa Bouza Santiago na data 04/01/2012 10:57:44



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Pablo Xabier López Vidal e José Manuel Gallego Lomba, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

No mes de febreiro de 2010 a Xunta de Galicia adxudicou a construción da autovía para o acceso a plataforma loxística industrial de Salvaterra – As Neves á autovía A-52.

Estamos a falar dunha infraestrutura que vai comunicar a principal plataforma industrial de Galicia e do norte de Portugal e que precisa desta actuación para poder ser desenvolta de xeito definitivo.

Polas inmediacións dos terreos destinados a esta finalidade atravesada a estrada autonómica PO-400 que comunica Filgueira con Salvaterra, coa cal en principio no está previsto comunicar ámbalas dúas infraestruturas.

En relación co estado actual destas obras que se están a executar por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1ª).- A 31 de decembro de 2011, cal é o estado de execución da autovía de acceso a Plisan?


2ª).- Está previsto algún tipo de conexión desta autovía e a actual estrada autonómica PO-400 (Salvaterra – Filgueira)?

3ª).- En que data está previsto rematar este vial de comunicación e a súa conexión efectiva coa autovía A-52?

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro de 2012

Asdo.: Pablo Xabier López Vidal
José Manuel Gallego Lomba
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

..... **Pablo Xabier López Vidal na data 04/01/2012 10:54:40**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Gallego Lomba na data 04/01/2012 10:54:47



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Pablo Xabier López Vidal e Carmen Gallego Calvar, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa por **escrito**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

En relación co procedemento de licitación fracasado da autovía do Morrazo que vén de ser declarado deserto por resolución administrativa, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1ª).- Que tipo de contratos e cantos se asinaron por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para participar no proceso de apoio a tramitación de este contrato de concesión e de valoración das ofertas presentadas ao mesmo?

2ª).- Cal foi o importe, os prazos e as condicións dos contratos asinados para tal finalidade?


3ª).- Considera a Xunta de Galicia que foi a fórmula do canon por dispoñibilidade a que motivou o fracaso da licitación desta actuación perentoria para a península do Morrazo?

4ª).- Que empresa realizou o informe de valoración das ofertas presentadas a este concurso, que procedemento foi seguido para a súa contratación e cal foi o importe dos traballos?

5ª).- Puideron ser causas económico - financeiras as que motivaron que so se presentara unha oferta a este concurso e que esta fose desbotada?

6ª).- Que previsións manexa a Consellería de Infraestruturas para solucionar toda esta problemática e poder construír un dos viais máis necesarios para a mellora da mobilidade e da seguridade viaria do noso país?



 Grupo Parlamentario

7ª).- Cales son os prazos que manexa a Xunta de Galicia e as modificacións a introducir nesta actuación para que poida estar rematada a maior brevidade posible?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro de 2012

Asdo.: Pablo Xabier López Vidal


Carmen Gallego Calvar

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo Xabier López Vidal na data 04/01/2012 12:09:25

Carmen Gallego Calvar na data 04/01/2012 12:09:31



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, relativa ás previsións de instalación de pantallas ou barreiras acústicas na Variante de Marín.


Varias familias que habitan as vivendas localizadas a escasa distancia da Variante de Marín, no tramo comprendido entre o enlace do Campo, pasando pola Torre, e o fin do vial, na rotonda de Ardán, padecen o impacto acústico producido polo paso de vehículos por esta infraestrutura de titularidade autonómica.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita.

1. Ten coñecemento a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do problema descrito?
2. Ten previsto proceder á instalación de pantallas ou barreiras acústicas no tramo indicado?
3. En caso positivo, en que prazo?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2012.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2012 12:14
Nº Rexistro: 75538
Data envío: 04/01/2012 12:14:48.558

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 04/01/2012 12:12:14



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento


Bieito Lobeira Domínguez, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, relativa ás previsións de popularización da figura do Apalpador.

Nas nacións dominadas e historicamente negadas impuxéronse procesos de extirpación daqueles sinais de identidade que precisamente as conformaron como pobos diferenciados. Galiza non foi nin é unha excepción neste esquema, negador do propio, e asimilador ao foráneo.

O caso do Apalpador é unha evidencia do proceso descrito. Figura mítica ligada á tradición do Nadal, posúe a aparencia dun xigante carboeiro que visita ás nenas e nenos, deixándolles castañas, agasallos, e desexándolles un bon ano. Nun país normal, a recuperación desta figura vincularíase a unha expresión de orgullo e dignificación do propio. Aquí non acontece. Son exclusivamente asociacións e colectivos de base quen, meritoriamente, se empeñan en popularizar e pór en valor social a existencia deste entrañábel ser mítico.

Unha parte moi importante do noso pobo descoñece a existencia do Apalpador, mais está saturado, por exemplo, con todo o fenómeno simbólico-consumista que rodea a existencia de Papá-Noel na súa fasquía estética promovida pola multinacional Coca-Cola.

A recuperación e popularización do Apalpador debera formar parte dunha liña de actuación de impulso e defensa do propio do Goberno galego e dos medios de



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2012 12:15
Nº Rexistro: 75539
Data envío: 04/01/2012 12:15:22.073

comunicación públicos (Televisión de Galiza e Radio Galega) da súa titularidade. É unha figura mítica galega e que fala en galego (consérvanse cancións populares). E se non o recuperamos nós, ninguén o fará.


Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita.

1. Ten previsto o Goberno galego realizar accións tendentes ao coñecemento, popularización e posta en valor social da figura do Apalpador?
2. En caso positivo, en que consistirán?
3. Utilizarase para este cometido a Televisión de Galiza e a Radio Galega?
4. Ten previsto algunha actuación para promover que os agasallos ás crianzas (xogos, libros, música, cinema, contos, crebacabezas, xogos informáticos, etc.) inclúan a lingua galega?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2012.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez
Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2012 12:15
Nº Rexistro: 75539
Data envío: 04/01/2012 12:15:22.073

Bieito Lobeira Domínguez na data 04/01/2012 12:13:25



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera e Pablo Xabier López Vidal, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta por **escrito**:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A principios de decembro deste mesmo ano Portugal implantaba na Rexión Norte, dun xeito efectivo, un sistema de telepeaxe polo uso das autopistas e autovías dese país.

Independentemente dos custes económicos desta medida, que sen dúbida vai incidir negativamente nos fluxos comerciais e turísticos entre Galicia e Portugal, a implantación de telepeaxes está a causar serios problemas aos cidadáns galegos e galegas dada a dificultade operativa e a falla de información para facerse cos dispositivos ou transmisores axeitados para transitar polas vías de pago portuguesas.

As consecuencias da implantación da telepeaxe están a supoñer xa, tal como se está a reflectir nos medios de comunicación, unha quebra de moitos dos negocios que se sitúan a ambos dous lados da fronteira.

Mesmamente estudos feitos pola Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT), teñen acreditado unha diminución de máis de 3.000 vehículos diarios, unha caída das exportacións e un desprazamento as estradas nacionais portuguesas do máis do 90 % do intercambio de mercancías.

Esta realidade é se cadra máis dramática no ámbito da Euricidade Chaves – Verín, onde xa os axentes sociais, económicos e mesmamente políticos de Verín e Chaves, teñen apuntado datos francamente preocupantes no ámbito dos intercambios económicos e turísticos.

Diante desta situación, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que medidas efectivas está a levar a Xunta de Galicia para protexer os intereses dos cidadáns galegos diante das telepeaxes implantadas polo estado luso na A-24 que comunica Verín e Chaves?



Grupo Parlamentario

2. Ten avaliado a Xunta de Galicia, o impacto que para o sector empresarial galego, está a causar a implantación das telepeaxes nas vías portuguesas?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3. Tense reunido a Xunta de Galicia co gabinete da Eurocidade Chaves - Verín, para facer unha análise do impacto das telepeaxes neste ámbito territorial?


Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro de 2012

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Pablo Xabier López Vidal
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 04/01/2012 12:41:29

Pablo Xabier López Vidal na data 04/01/2012 12:41:33



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza


Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez e Carlos Aymerich Cano, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, relativa ao peche do minicriadoiro de ameixa de Camariñas.

A Consellaría do Mar decidiu pechar a actividade do minicriadoiro de ameixa de Camariñas, provocando tamén a desaparición de seis postos de traballo nesas instalacións.

Resulta difícil de entender unha decisión como a adoptada, cando Galiza é aínda a día de hoxe dependente doutros países para a subministración de semente para surtir os bancos marisqueiros do noso litoral. Non se produciu até o momento unha explicación oficial cabal que fundamente unha resolución tan drástica. Máis aínda en relación cun minicriadoiro como o de Camariñas, que abastecía a varias confrarías e ao Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) dependente da propia Consellaría do Mar.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2012 13:04
Nº Rexistro: 75547
Data envío: 04/01/2012 13:04:52.719

1. Que motivo levou á Consellaría do Mar a pechar o minicriadoiro de Camariñas?
2. Ten previsto o aproveitamento destas instalacións e o reinicio da súa actividade?
3. En caso positivo, de que xeito, con que funcionalidade e en que prazo?
4. Que pasará cos postos de traballo perdidos?
5. Non considera que esta decisión agravará aínda máis a dependencia de Galiza en materia de subministración de semente de moluscos bivalvos?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2012.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Carlos Aymerich Cano

Deputados do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 04/01/2012 13:03:46

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 04/01/2012 13:03:52



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Lage Tuñas e Xoaquín M^a Fernández Leiceaga, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta por **escrito sobre a situación económica e laboral pola que atravesan as comarcas de Arousa Norte, Muros e Noia ao superar no pasado mes a cifra de 10.000 desempregados/as.**

Vimos de coñecer os datos do desemprego no pasado mes e comprobamos como as comarcas de Arousa Norte, Muros e Noia superaron por primeira vez a cifra de 10.000 desempregados/as.

Estamos diante dunha situación grave, e queremos coñecer novamente as accións e políticas desenvoltas polo goberno galego para fomentar a xeración de emprego no conxunto do Barbanza e os incentivos concedidos durante os últimos tres anos a emprendedores e Pymes da bisbarra.


Polo anteriormente exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cales son as políticas desenvoltas polo Goberno galego para fomentar a xeración de emprego nas comarcas de Arousa Norte, Noia e Muros nos anos 2009, 2010 e 2011?
2. Que incentivos foron concedidos pola Xunta de Galicia a emprendedores e Pymes das comarcas de Arousa Norte, Noia e Muros nos anos 2009, 2010 e 2011?

Pazo do Parlamento, 5 de xaneiro de 2012

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia




 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 05/01/2012 12:29:27

.....
Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/01/2012 12:29:32

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2012 13:47
Nº Rexistro: 75569
Data envío: 05/01/2012 13:47:46.141

Á MESA DO PARLAMENTO

Carlos Aymerich Cano, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta escrita, relativa ao mantemento do Centro Comarcal de Bergantiños, en Buño (Malpica)

A liquidación da Sociedade Pública Autonómica que xestiona o Centro Comarcal de Bergantiños ameaza con pechar un centro que recibía máis de 45.000 visitas diarias e no que, aparte de teren a súa base o grupo de acción costeira e de desenvolvemento rural, acolle unha exposición permanente de olería de Buño ademais da colección de Luciano García Alén.


En plena crise económica liquidar, tal e como pretende a Xunta de Galiza, un recurso importante para a dinamización económica da Comarca de Bergantiños e, en particular, da olería de Buño non semella unha decisión acertada.

E é por iso que se formula a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

Está disposta a Xunta a financiar o mantemento do Centro Comarcal de Bergantiños en Buño como sede do grupo de acción costeira e de desenvolvemento rural e da exposición permanente da olería de Buño.

Santiago de Compostela, a 5 de xaneiro de 2012.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Deputado do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2012 13:47
Nº Rexistro: 75569
Data envío: 05/01/2012 13:47:46.141

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 05/01/2012 13:40:39



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez e Fernando Branco Parga, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, relativa á discriminación que padecen as mariscadoras a pé ao seren excluídas do Plano de Dinamización da ría de Ferrol.

De xeito aberrantemente discriminatorio, a Consellaría do Mar decidiu excluir ás mariscadoras a pé do Plano de Dinamización da ría de Ferrol. Esta decisión inxusta non só provoca unha evidente diferenza de trato entre mariscadoras e mariscadores (a pé e a frote), senón que tamén un impacto económico moi negativo, inasumíbel, para o colectivo de mariscadoras a pé.

Cumpre lembrar que os bancos marisqueiros nos que estas traballadoras do mar desenvolven o seu labor extractivo (na ría de Ferrol, a máis contaminada do litoral galego), padece unha catalogación no 50% da súa superficie como Zona C, que chega nos meses de novembro a xaneiro ao 100% da súa extensión.

Neste contexto, a alternativa da batea de depuración non para de representar unha incógnita que xera a lóxica incertidume a respecto da súa viabilidade práctica. Cumpriría manter o colectivo de mariscadoras a pé no



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Plano de Dinamización, con traballos de limpeza e rexeneración dos bancos intermareais a fin de garantir os seus ingresos.

Con esta decisión, a Consellaría do Mar vulnera o acordo parlamentar unánime do Parlamento de Galiza, acadado en novembro de 2011, no que, entre outras actuacións, se instaba á Xunta a adoptar medidas que permitisen “percepcións dignas dos mariscadores e mariscadoras e a viabilidade da actividade até a recuperación dunha situación microbiolóxica das augas que permita a actividade extractiva normal.”

Discriminación das mariscadoras a pé, vulneración de acordos parlamentares, e demora nos pagamentos dos compromisos adquiridos (en xaneiro de 2012 as mariscadoras aínda non ingresaron as percepcións de novembro de 2011), son os sinais de identidade do Goberno do Partido Popular en relación co sector marisqueiro da ría de Ferrol.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita.

1. Por que razón discrimina a Consellaría do Mar ás mariscadoras a pé da ría de Ferrol, excluíndoas do Plan de Dinamización?
2. Que garantías teñen estas mariscadoras de manter os seus ingresos?
3. Por que motivo vulnera o citado acordo parlamentar?
4. Ten previsto rectificar esta decisión?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Cando ten previsto a Consellaría do Mar pagar ás mariscadoras o que lles debe dende novembro de 2011?

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2012.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez
Fernando Branco Parga
Deputados do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 05/01/2012 14:17:49

Fernando Branco Parga na data 05/01/2012 14:17:54



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, relativa á discriminación practicada pola Consellaría do Mar á Cooperativa Mexilloeira de Bueu en relación coa negativa a realizar o traslado de mexillón a zonas de reparqueo para a súa depuración.

A ría de Pontevedra é, de todas as galegas, a que en maior medida padece episodios de biotoxinas de maior intensidade e as máis prolongadas no tempo. Até 241 días no ano 2011 foi interrompida a actividade produtiva nesta ría por este motivo.

Como consecuencia desta situación, que evidentemente afecta claramente ao sector bateiro, a Cooperativa Mexilloeira de Bueu, Sociedade Cooperativa Galega (SOCOMEBU) solicitou da Consellaría do Mar autorización para proceder ao traslado de mexillón dende as súas bateas até unha batea de reparqueo (Tambo nº 9), localizada máis no interior da ría. Porén, a Consellaría do Mar, através da Dirección Xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica, denegou autorizar este traslado argumentando que o conxunto da ría de Pontevedra estaba afectado por un forte episodio de biotoxina PSP.

“Curiosamente”, a Consellaría do Mar si autorizou ese mesmo traslado a algún outro bateiro (vinculado ao Partido Popular) mentras llo denegaba, colectivamente, a SOCOMEBU. E o que é máis grave, con data de 22 de decembro



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

(xa case nas festas de Nadal), autorizábase a extracción de mexillón dende a citada batea de reparqueo, podéndose introducir no mercado.

A actuación da Consellaría do Mar en todo este proceso é extraordinariamente grave. Mesmo intolerábel. Porque permite que algún bateeiro “afín” poida reparquear o seu mexillón e logo vendelo (nunha época do ano no que se incrementa o seu prezo no mercado) mentres, simultaneamente, non lle permite a mesma operación a unha entidade como SOCOMEBU. A diferenza de trato é evidente, como tamén o é o impacto económico que esta decisión supuxo sobre os bateeiros de Bueu agrupados en SOCOMEBU.

Cumpren explicacións formais polo acontecido, mais tamén a depuración de responsabilidades por parte do culpábel desta aberrante discriminación.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita.

1. Por que motivo a Consellaría do Mar denegou a SOCOMEBU a posibilidade de reparquear o seu mexillón, mentres si llo permitiu a outros?
2. É consciente da diferenza de trato e do impacto económico que provou esta decisión?
3. Quen é o/a responsábel destes feitos?
4. Depurarase a súa responsabilidade?
5. Á vista dos feitos, que medidas se adoptarán para resarcir das perdas a SOCOMEBU?
6. Que medidas se adoptarán para que estes feitos non se repitan no futuro?




OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2012.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez
Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 05/01/2012 14:22:27



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á MESA DO PARLAMENTO

Carlos Aymerich Cano e Ana Luisa Bouza Santiago, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto **escrita**, relativa á mellora do cruzamento da Chasqueira en Nós (Oleiros) na intersección das estradas AC-221 e DP-1707.


En Maio de 2010 o pleno do Concello de Oleiros acordou solicitar da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a construción dunha rotonda na intersección das citadas vías AC-221 e DP- ,1707 nas inmediacións da gasoleira da Chasqueira, co fin de eliminar un cruzamento perigoso á saída dunha curva sen visibilidade achegándose plano de planta da actuación solicitada elaborado polos servizos municipais.

En Agosto de 2010 recebeuse no Concello de Oleiros contestación da Consellaría na que se indicaba que a tal actuación, que xa fora demandada tamén pola Deputación Provincial, sería autorizada "previa análise do proxecto". Porén, dado que case ano e medio despois aínda non se realizou actuación algunha por parte da administración autonómica, fórmulase a seguinte cuestión:

Cando ten previsto a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas construír unha rotonda na intersección das estradas AC-221 e DP-1707 en Nós (Oleiros)?

Santiago de Compostela, a 9 de Xaneiro de 2012

Asdo. Carlos Aymerich Cano



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2012 09:58
Nº Rexistro: 75580
Data envío: 09/01/2012 09:58:24.827

Ana Luisa Bouza Santiago
Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 09/01/2012 9:51:47

Ana Luisa Bouza Santiago na data 09/01/2012 9:51:54



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2012 10:14
Nº Rexistro: 75584
Data envío: 09/01/2012 10:14:32.777

Á Mesa do Parlamento

Carlos Aymerich Cano, Ana Luisa Bouza Santiago e Manuel Parga Núñez deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, relativa á dotación de prazas en Centros de Día no concello de Oleiros.


Promovido polo goberno bipartito e rematado desde hai meses a Xunta non dá aberto o Centro de Día das Galeras, en Oleiros, con capacidade para 80 prazas. Os planos da Consellaría de Traballo e Benestar son coñecidos: pólo en funcionamento en xestión privada e só ao 50% da súa capacidade, abrindo apenas 40 prazas e media. No entanto nada se sabe do Centro de Día que, segundo prometeu na pasada campaña electoral a Conselleira Beatriz Mato, ía ser aberto nas instalacións da Casa do Mar de Mera. Así, as cousas, a día de hoxe o Concello de Oleiros conta só con 15 prazas de Centros de Día en funcionamento do Pazo de Arenaza.

Diante desta situación, formúlanse as seguintes cuestións:

Cando vai proceder a Xunta a pór en funcionamento as 80 prazas do Centro de Día das Galeras? Cando ten previsto acondicionar a Casa do Mar de Mera e abrir o Centro de Día comprometido en campaña electoral pola Conselleira Sra. Mato?

Santiago de Compostela, a 9 de Xaneiro de 2012

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Manuel Parga Núñez



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2012 10:14
Nº Rexistro: 75584
Data envío: 09/01/2012 10:14:32.777


Ana Luisa Bouza Santiago
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 09/01/2012 10:10:47

Ana Luisa Bouza Santiago na data 09/01/2012 10:10:52

Manuel Parga Nuñez na data 09/01/2012 10:10:57



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2012 10:55
Nº Rexistro: 75590
Data envío: 09/01/2012 10:55:31.683

Á Mesa do Parlamento

Carlos Aymerich Cano, Ana Luisa Bouza Santiago e Teresa Táboas Veleiro, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, relativa á abertura da variante da Vía Ártabra en Oleiros.

A fins de 2011 o pleno do Concello de Oleiros acordou esixir á Xunta a abertura inmediata da circunvalación asociada á Vía Ártabra cuxas obras están xa practicamente rematadas. As previsións da Xunta, porén, semellan ser outras: pór en servizo a variante no verán de 2012 mesmo sabendo que a súa posta en funcionamento retiraría grande parte do tránsito pesado que neste momento atravesamos os núcleos urbanos de Oleiros e, particularmente, a capital municipal.

Así as cousas formúlase a seguinte cuestión:

Está disposta a Xunta a pór en funcionamento a variante de Oleiros de conexión coa Vía Ártabra antes do verán de 2012?


Santiago de Compostela, a 9 de Xaneiro de 2012

Asdo.: Carlos Aymerich Cano

Ana Luisa Bouza Santiago

Teresa Táboas Veleiro

Deputado e deputadas do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2012 10:55
Nº Rexistro: 75590
Data envío: 09/01/2012 10:55:31.683

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 09/01/2012 10:53:22

Ana Luisa Bouza Santiago na data 09/01/2012 10:53:28

Teresa Táboas Veleiro na data 09/01/2012 10:53:33



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Lage Tuñas e Beatriz Sestayo Doce, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Nunha visita realizada no ano 2009 ao Concello de Muros (A Coruña) por parte da secretaria xeral de Benestar fixéronse públicas a través dos medios de comunicación unha serie de previsións sobre futuros servizos a implantar no municipio muradano.

Tendo en conta a importancia de mellorar a calidade de vida e o benestar dos cidadáns e sendo coñecedores da realidade social, os socialistas galegos defendemos o incremento das inversións dedicadas ás políticas sociais.

Polo anteriormente exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Que novos servizos implantou a Xunta de Galicia no concello de Muros (A Coruña) despois da visita realizada pola secretaria xeral de Benestar ao citado no concello no ano 2009?


Pazo do Parlamento, 9 de xaneiro de 2012

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Beatriz Sestayo Doce
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 09/01/2012 11:31:24



 Grupo Parlamentario

Beatriz Sestayo Doce na data 09/01/2012 11:31:29

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Lage Tuñas, Xoaquín M^a Fernández Leiceaga, Carmen Gallego Calvar e Silvia Fraga Santos, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta por **escrito sobre a exclusión da Serra do Barbanza da proposta de Rede Natura aprobada pola Xunta de Galicia**.

O goberno galego presidido por Alberto Núñez Feijóo vén de excluír á Serra do Barbanza da proposta de ampliación da Rede Natura.

O anterior Goberno presidido por Emilio Pérez Touriño contemplaba a protección do citado espazo catalogándoo como Lugar de Interese Comunitario (LIC) na proposta de ampliación que fixera en agosto do ano 2008.

Chama poderosamente a atención a citada exclusión tendo en conta o valor ambiental da Serra do Barbanza, e faise preciso unha explicación por parte da Xunta de Galicia.

Polo anteriormente exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:


Cales son os motivos polos que o Goberno galego excluíu á Serra do Barbanza da súa proposta de ampliación da Rede Natura?

Pazo do Parlamento, 9 de xaneiro de 2012

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Carmen Gallego Calvar
Silvia Fraga Santos

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 09/01/2012 11:43:23


Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/01/2012 11:43:27

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Carmen Gallego Calvar na data 09/01/2012 11:43:32

Silvia Belen Fraga Santos na data 09/01/2012 11:43:36



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Lage Tuñas, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Cal foi o custe do programa do día de fin de ano 2011 na primeira canle da CRTVG?
(Con petición expresa de custes desglosados do citado programa.)

Pazo do Parlamento, 9 de xaneiro de 2012

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 09/01/2012 11:55:05



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Lage Tuñas, Beatriz Sestayo Doce, Xoaquín M^a Fernández Leiceaga e M^a Dolores Rodríguez Amoroso, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

1. Cantos beneficiarios da RISGA houbo durante o ano 2009 no concello de A Pobra do Caramiñal? Canto tempo levan percibindo a prestación? Cal é a súa distribución por sexos e por tramos de idade?
2. Cantos beneficiarios da RISGA houbo durante o ano 2010 no concello de A Pobra do Caramiñal? Canto tempo levan percibindo a prestación? Cal é a súa distribución por sexos e por tramos de idade?
3. Cantos beneficiarios da RISGA houbo durante o ano 2011 no concello de A Pobra do Caramiñal? Canto tempo levan percibindo a prestación? Cal é a súa distribución por sexos e por tramos de idade?

Pazo do Parlamento, 9 de xaneiro de 2012


Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Beatriz Sestayo Doce
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
M^a Dolores Rodríguez Amoroso
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 09/01/2012 12:03:29

Beatriz Sestayo Doce na data 09/01/2012 12:03:34



 Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/01/2012 12:03:38

Maria Dolores Rodriguez Amoroso na data 09/01/2012 12:03:42

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Lage Tuñas, Beatriz Sestayo Doce, Xoaquín M^a Fernández Leiceaga e M^a Dolores Rodríguez Amoroso, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

1. Cantos beneficiarios da RISGA houbo durante o ano 2009 no concello de Rianxo? Canto tempo levan percibindo a prestación? Cal é a súa distribución por sexos e por tramos de idade?
2. Cantos beneficiarios da RISGA houbo durante o ano 2010 no concello de Rianxo? Canto tempo levan percibindo a prestación? Cal é a súa distribución por sexos e por tramos de idade?
3. Cantos beneficiarios da RISGA houbo durante o ano 2011 no concello de Rianxo? Canto tempo levan percibindo a prestación? Cal é a súa distribución por sexos e por tramos de idade?

Pazo do Parlamento, 9 de xaneiro de 2012


Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Beatriz Sestayo Doce
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
M^a Dolores Rodríguez Amoroso
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 09/01/2012 12:04:15

Beatriz Sestayo Doce na data 09/01/2012 12:04:19



 Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/01/2012 12:04:24

Maria Dolores Rodriguez Amoroso na data 09/01/2012 12:04:28

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Lage Tuñas, Beatriz Sestayo Doce, Xoaquín M^a Fernández Leiceaga e M^a Dolores Rodríguez Amoroso, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

1. Cantos beneficiarios da RISGA houbo durante o ano 2009 no concello de Padrón? Canto tempo levan percibindo a prestación? Cal é a súa distribución por sexos e por tramos de idade?
2. Cantos beneficiarios da RISGA houbo durante o ano 2010 no concello de Padrón? Canto tempo levan percibindo a prestación? Cal é a súa distribución por sexos e por tramos de idade?
3. Cantos beneficiarios da RISGA houbo durante o ano 2011 no concello de Padrón? Canto tempo levan percibindo a prestación? Cal é a súa distribución por sexos e por tramos de idade?

Pazo do Parlamento, 9 de xaneiro de 2012


Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Beatriz Sestayo Doce
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
M^a Dolores Rodríguez Amoroso
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 09/01/2012 12:04:54

Beatriz Sestayo Doce na data 09/01/2012 12:04:59



 Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/01/2012 12:05:03

Maria Dolores Rodriguez Amoroso na data 09/01/2012 12:05:08

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Lage Tuñas, Beatriz Sestayo Doce, Xoaquín M^a Fernández Leiceaga e M^a Dolores Rodríguez Amoroso, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

1. Cantos beneficiarios da RISGA houbo durante o ano 2009 no concello de Dodro? Canto tempo levan percibindo a prestación? Cal é a súa distribución por sexos e por tramos de idade?
2. Cantos beneficiarios da RISGA houbo durante o ano 2010 no concello de Dodro? Canto tempo levan percibindo a prestación? Cal é a súa distribución por sexos e por tramos de idade?
3. Cantos beneficiarios da RISGA houbo durante o ano 2011 no concello de Dodro? Canto tempo levan percibindo a prestación? Cal é a súa distribución por sexos e por tramos de idade?

Pazo do Parlamento, 9 de xaneiro de 2012


Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Beatriz Sestayo Doce
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
M^a Dolores Rodríguez Amoroso
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 09/01/2012 12:05:36

Beatriz Sestayo Doce na data 09/01/2012 12:05:42



 Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/01/2012 12:05:47

Maria Dolores Rodriguez Amoroso na data 09/01/2012 12:05:51

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Lage Tuñas, Beatriz Sestayo Doce, Xoaquín M^a Fernández Leiceaga e M^a Dolores Rodríguez Amoroso, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

1. Cantos beneficiarios da RISGA houbo durante o ano 2009 no concello de Boiro? Canto tempo levan percibindo a prestación? Cal é a súa distribución por sexos e por tramos de idade?
2. Cantos beneficiarios da RISGA houbo durante o ano 2010 no concello de Boiro? Canto tempo levan percibindo a prestación? Cal é a súa distribución por sexos e por tramos de idade?
3. Cantos beneficiarios da RISGA houbo durante o ano 2011 no concello de Boiro? Canto tempo levan percibindo a prestación? Cal é a súa distribución por sexos e por tramos de idade?

Pazo do Parlamento, 9 de xaneiro de 2012


Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Beatriz Sestayo Doce
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
M^a Dolores Rodríguez Amoroso
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 09/01/2012 12:06:18

Beatriz Sestayo Doce na data 09/01/2012 12:06:23



 Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/01/2012 12:06:27

Maria Dolores Rodriguez Amoroso na data 09/01/2012 12:06:31

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento


Henrique Viéitez Alonso, Fernando Branco Parga, Carlos Aymerich Cano, Manuel Parga Núñez e Ana Luísa Bouza Santiago, deputados e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita** dirixida ao Goberno Galego, sobre o recorte de produción nas plantas da transnacional Alcoa.

A dirección da empresa Alcoa, que ten na actualidade seis centros de produción no Estado e unha oficina central en Madrid pero so tres producen aluminio primario (San Cibrao, A Coruña e Avilés), ven de anunciar a súa intención de reducir un 5% da súa produción total nas plantas que ten en Europa. Destas, e de momento, están afectados os centros de produción da Coruña e Avilés e outro situado na Italia.

Coa escusa do encarecemento da enerxía, o incremento dos custes das materias primas e a caída do prezo do aluminio tamén pretende reducir o emprego directo e indirecto existente nestes centros, polo que xa ten chamado a consultas á representación dos traballadores e traballadoras para tratar sobre a implantación de expedientes de regulación de emprego.

Esta decisión vai ter unhas consecuencias nefastas, a corto prazo no emprego e na actividade industrial máis, de confirmarse as verdadeiras intencións da dirección, podería ter unha influencia tremendamente negativa nalgunhas comarcas enormemente castigadas polo desemprego como son a da Coruña e, sobre todo, para a Mariña luguesa como ten acontecido nos últimos meses.

Dado o incremento do desemprego producido, fundamentalmente mediante a formula de expedientes de regulación de emprego; que no caso do centro da Coruña, pretende desfacerse da metade dos traballadores e traballadoras e reducir un cincuenta por cento a produción; que a resultante é a fonda preocupación, sobre o seu futuro, do conxunto dos traballadores e traballadoras dos centros produtivos, incluídos os da planta de San Cibrao é polo que formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1ª) Ten coñecemento, o Goberno galego, sobre a situación xerada nas factorías de Alcoa na Galiza como consecuencia da decisión de reducir a produción de aluminio primario?.

2ª) Ten establecido conversas ou contactos para coñecer directamente ate onde ten pensado chegar a dirección da empresa así como as repercusións tanto na actividade propia como inducida, así como no emprego directo e indirecto?.

3ª) Ten analizado o Goberno a incidencia desta decisión, tanto para as comarcas da Coruña como, sobre todo, para a Mariña luguesa?.

4ª) Cales van ser as actuacións e decisións que vai tomar o Goberno para eliminar os efectos inducidos derivados da redución de produción e emprego?.

5ª) Cales son estas medidas concretas, no caso de habelas?. E, de ser certo o anterior, cales son os prazos e os recursos a utilizar?

Compostela, 9 de xaneiro do 2012.

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**


Fernando Branco Parga

Carlos Aymerich Cano

Ana Luísa Bouza Santiago

Deputados e Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Henrique Vieitez Alonso na data 10/01/2012 10:45:50

Fernando Branco Parga na data 10/01/2012 10:45:55

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 10/01/2012 10:46:00

Manuel Parga Nuñez na data 10/01/2012 10:46:06

Ana Luisa Bouza Santiago na data 10/01/2012 10:46:10



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento


Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa ao custo económico do programa de reinstalación de moluscos bivalvos en bateas para a súa depuración.

1.^a) Cal é o custo total, desglosado por conceptos, do programa de reinstalación de moluscos bivalvos en bateas, para a súa depuración, nos seguintes conceptos:

- a) Custo de cada unha das bateas.
- b) Traslado e remolque das bateas á súa localización.
- c) Gastos de mantemento anuais.
- d) Custos de persoal (anuais) en cada unha das bateas.
- e) Elaboración e deseño do proxecto.
- f) Probas.
- g) Materiais e elementos de instalación dos moluscos.
- h) Vixilancia e seguranza.
- i) Outros.

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2012.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez
Deputado do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2012 11:00
Nº Rexistro: 75644
Data envío: 10/01/2012 11:00:35.296

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 10/01/2012 10:50:39



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa á concreción do aforro económico que supón a desaparición da Consellaría do Mar.

O Decreto 1/2012, do 3 de xaneiro, establece unha nova estrutura orgánica da Xunta de Galiza, atendendo (segundo indica o texto do propio Decreto) aos criterios de “eficacia, economía e austeridade”, pola que se facía desaparecer a Consellaría do Mar e se conformaba unha nova Consellaría do Medio Rural e do Mar.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.^a) Cal é o aforro económico obtido coa eliminación da Consellaría do Mar e a súa absorción pola nova Consellaría do Medio Rural e do Mar?


2.^a) Como se concreta, de xeito desglosado, este aforro económico?

3.^a) Con esta nova estrutura, en que se mellora a eficacia da política pesqueira e marisqueira desenvolvida dende o Goberno galego?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2012.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 10/01/2012 10:52:31



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Lage Tuñas e Xoaquín M^a Fernández Leiceaga, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **por escrito**, co obxecto de coñecer os datos relativos ao contrato ou contratos asinados pola Xunta de Galicia para o servizo de transporte escolar do alumnado do centro educativo **CEIP de Aguiño** (Ribeira).

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Co obxecto de coñecer os datos relativos ás relacións contractuais da Xunta de Galicia no servizo de transporte escolar do centro educativo **CEIP de Aguiño** (Ribeira), os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que contrato ten a Xunta de Galicia no referido ao servizo de transporte escolar do centro educativo **CEIP de Aguiño** (Ribeira)?
2. Cal é o ano da súa sinatura?
3. Cal é a duración do contrato ou contratos asinados pola Xunta de Galicia?
4. Cal é o importe acordado no citado contrato pola prestación do servizo de transporte escolar do centro educativo **CEIP de Aguiño** -Ribeira- (ben por ano escolar ben por ano natural)?
5. Cantas rutas do transporte escolar contempla o contrato ou contratos asinados pola Xunta de Galicia?
6. Cantas paradas se fan nas rutas do servizo do transporte escolar do citado centro?
7. Cantos alumnos/as utilizan o servizo de transporte escolar?
8. Cando se teñen producido actualizacións dos citados contratos?
9. Que previsións ten a Xunta de Galicia para sacar a concurso o citado servizo?


Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2012

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas

Xoaquín M^a Fernández Leiceaga

Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 10/01/2012 11:43:15

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/01/2012 11:43:20

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Lage Tuñas e Xoaquín M^a Fernández Leiceaga, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **por escrito**, co obxecto de coñecer os datos relativos ao contrato ou contratos asinados pola Xunta de Galicia para o servizo de transporte escolar do alumnado do centro educativo **CEIP Plurilingüe de Artes** (Ribeira).

Partido dos
Socialistas
de Galicia


Co obxecto de coñecer os datos relativos ás relacións contractuais da Xunta de Galicia no servizo de transporte escolar do centro educativo **CEIP Plurilingüe de Artes** (Ribeira), os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que contrato ten a Xunta de Galicia no referido ao servizo de transporte escolar do centro educativo **CEIP Plurilingüe de Artes** (Ribeira)?
2. Cal é o ano da súa sinatura?
3. Cal é a duración do contrato ou contratos asinados pola Xunta de Galicia?
4. Cal é o importe acordado no citado contrato pola prestación do servizo de transporte escolar do centro educativo **CEIP Plurilingüe de Artes** -Ribeira- (ben por ano escolar ben por ano natural)?
5. Cantas rutas do transporte escolar contempla o contrato ou contratos asinados pola Xunta de Galicia?
6. Cantas paradas se fan nas rutas do servizo do transporte escolar do citado centro?
7. Cantos alumnos/as utilizan o servizo de transporte escolar?
8. Cando se teñen producido actualizacións dos citados contratos?
9. Que previsións ten a Xunta de Galicia para sacar a concurso o citado servizo?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2012

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 10/01/2012 11:54:07

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/01/2012 11:54:12

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Lage Tuñas e Xoaquín M^a Fernández Leiceaga, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **por escrito**, co obxecto de coñecer os datos relativos ao contrato ou contratos asinados pola Xunta de Galicia para o servizo de transporte escolar do alumnado do centro educativo **EEI Capela - Carreira** (Ribeira).

Partido dos
Socialistas
de Galicia


Co obxecto de coñecer os datos relativos ás relacións contractuais da Xunta de Galicia no servizo de transporte escolar do centro educativo **EEI Capela - Carreira** (Ribeira), os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

5. Cantas rutas do transporte escolar contempla o contrato ou contratos asinados pola Xunta de Galicia?
6. Cantas paradas se fan nas rutas do servizo do transporte escolar do citado centro?
7. Cantos alumnos/as utilizan o servizo de transporte escolar?
8. Cando se teñen producido actualizacións dos citados contratos?
9. Que previsións ten a Xunta de Galicia para sacar a concurso o citado servizo?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2012

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 11/01/2012 11:19:19

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/01/2012 11:19:23

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Lage Tuñas e Xoaquín M^a Fernández Leiceaga, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **por escrito**, co obxecto de coñecer os datos relativos ao contrato ou contratos asinados pola Xunta de Galicia para o servizo de transporte escolar do alumnado do centro educativo **EEI de Seira** (Rois).

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Co obxecto de coñecer os datos relativos ás relacións contractuais da Xunta de Galicia no servizo de transporte escolar do centro educativo **EEI de Seira** (Rois), os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que contrato ten a Xunta de Galicia no referido ao servizo de transporte escolar do centro educativo **EEI de Seira** (Rois)?
2. Cal é o ano da súa sinatura?
3. Cal é a duración do contrato ou contratos asinados pola Xunta de Galicia?
4. Cal é o importe acordado no citado contrato pola prestación do servizo de transporte escolar do centro educativo **EEI de Seira** - Rois- (ben por ano escolar ben por ano natural)?
5. Cantas rutas do transporte escolar contempla o contrato ou contratos asinados pola Xunta de Galicia?
6. Cantas paradas se fan nas rutas do servizo do transporte escolar do citado centro?
7. Cantos alumnos/as utilizan o servizo de transporte escolar?
8. Cando se teñen producido actualizacións dos citados contratos?
9. Que previsións ten a Xunta de Galicia para sacar a concurso o citado servizo?


Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2012

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas

Xoaquín M^a Fernández Leiceaga

Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 11/01/2012 11:34:33

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/01/2012 11:34:37

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Lage Tuñas e Xoaquín M^a Fernández Leiceaga, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **por escrito**, co obxecto de coñecer os datos relativos ao contrato ou contratos asinados pola Xunta de Galicia para o servizo de transporte escolar do alumnado do centro educativo **EEI de Sorribas** (Rois).

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Co obxecto de coñecer os datos relativos ás relacións contractuais da Xunta de Galicia no servizo de transporte escolar do centro educativo **EEI de Sorribas** (Rois), os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que contrato ten a Xunta de Galicia no referido ao servizo de transporte escolar do centro educativo **EEI de Sorribas** (Rois)?
2. Cal é o ano da súa sinatura?
3. Cal é a duración do contrato ou contratos asinados pola Xunta de Galicia?
4. Cal é o importe acordado no citado contrato pola prestación do servizo de transporte escolar do centro educativo **EEI de Sorribas** - Rois- (ben por ano escolar ben por ano natural)?
5. Cantas rutas do transporte escolar contempla o contrato ou contratos asinados pola Xunta de Galicia?
6. Cantas paradas se fan nas rutas do servizo do transporte escolar do citado centro?
7. Cantos alumnos/as utilizan o servizo de transporte escolar?
8. Cando se teñen producido actualizacións dos citados contratos?
9. Que previsións ten a Xunta de Galicia para sacar a concurso o citado servizo?


Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2012

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas

Xoaquín M^a Fernández Leiceaga

Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia




 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 11/01/2012 12:40:02

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/01/2012 12:40:06

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2012 12:48
Nº Rexistro: 75770
Data envío: 11/01/2012 12:48:33.510


Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, Carlos Aymerich Cano e Ana Luisa Bouza Santiago, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta **escrita**, relativa á restitución do convenio de recuperación produtiva dos bancos marisqueiros intermareais da ría do Burgo.

A Consellaría do Medio Rural e do Mar decidiu, de xeito tan inxusto como irresponsábel, eliminar o convenio de recuperación produtiva dos bancos intermareais da ría do Burgo. O pretexto utilizado é o da batea de reinstalación de moluscos bivalvos procedentes das Zonas C para a súa depuración.

Porén, fóra da incertidume sobre o resultado dunha alternativa da que aínda se descoñece a súa efectividade práctica, como é a da batea de reinstalación, cumpre ter presente, no caso específico da ría do Burgo, os seguintes aspectos singulares:

- a) Só se permitirá o traballo de extracción de marisco para enviar á batea entre 5 e 6 días ao mes, cando en circunstancias normais se traballaba entre 10 e 12 días.
- b) Limítanse tamén os horarios: só se permite o marisqueo até as 11.30 h., coa excusa de que o marisco ten que chegar con luz á súa reinstalación na ría de Ferrol.
- c) Non se permite a extracción de berberecho, e no caso da ameixa babosa só se permite extraer 2 kgs (antes das Zonas C podíanse extraer até 10 kgs.).




OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- d) O sector marisqueiro debe asumir até o 10% da mortandade do marisco que se produza na batea ou durante o transporte.
- e) Recollerase o marisco de toda a semana sen coñecer nin prezos de mercado nin mesmo se o(s) comprador(es) o van adquirir. Por suposto, no caso de que por razóns de prezo non interese vendelo, prohibese a súa devolución á ría.
- f) Na área catalogada como Zona C só se permiten 25 días de traballo en todo o ano. Un 50% menos do que había antes.

En definitiva, o método escollido pola Consellaría do Medio Rural e do Mar non garante a produtividade nin a estabilidade comercial (prezos). Nen posúe tampouco un carácter experimental, senón definitivo. É, daquela, unha aposta extraordinariamente arriscada, non adaptada á situación específica da ría do Burgo, e que probabelmente provocará unha importante baixa de ingresos no colectivo de mariscadoras e mariscadores a pé e, daquela, un “convite” para o abandono desta actividade produtiva.

Resulta escandaloso que nun contexto de profunda crise económica e de incremento do desemprego como o que se está a padecer na Galiza e na comarca da Coruña, o Goberno do Partido Popular deserte da súa responsabilidade e desista de promover o emprego en ámbitos como o do marisqueo, nos que si é posíbel xerar postos de traballo. Lamentabelmente, este goberno practica un curioso concepto da “austeridade”, consistente na aplicación cruel de recortes cos sectores populares (singularmente no caso do mar) e, simultaneamente, no despilfarro en gastos supérfluos ou nos destinados a beneficiar as grandes corporacións económicas, coas que se fai gala de obediencia cega e submisión. O máis patético é que o 69 % dos fondos do convenio proceden da Unión Europea e que, ademais, no pasado ano



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2011 a antiga Consellaría do Mar non foi quen de gastar a maior parte do orzamentado. Sen comentarios.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita.

1. Por que motivo adoptou a Consellaría do Medio Rural e do Mar a decisión de suprimir o convenio de colaboración coa Confraría da Coruña para a recuperación produtiva dos bancos marisqueiros da ría do Burgo?
2. É consciente do impacto social que provocará?
3. Ten previsto rectificar esta decisión?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2012.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Carlos Aymerich Cano

Deputados do G.P. do BNG


Ana Luisa Bouza Santiago

Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 11/01/2012 12:45:17

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 11/01/2012 12:45:22



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2012 12:48
Nº Rexistro: 75770
Data envío: 11/01/2012 12:48:33.510

Ana Luisa Bouza Santiago na data 11/01/2012 12:45:26



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa á eliminación parcial do servizo de transporte marítimo de persoas na ría de Vigo, no tramo Moaña-Vigo/Vigo-Moaña.

A partires do 1 de xaneiro de 2012 a compañía Nabia eliminou o servizo de transporte marítimo de persoas no tramo Moaña-Vigo/Vigo-Moaña nas medias das horas punta. Novo retroceso, nova degradación nas condicións de transporte marítimo, nun contexto no que o Partido Popular e o Goberno galego se negan a restituír –aínda sendo técnica e xuridicamente posíbel- o carácter público deste servizo.

Mais quen pagará as consecuencias desta decisión son as máis de 500 persoas que diariamente utilizan o barco para se desprazaren de Moaña a Vigo. É evidente que situacións como a descrita poden facer desistir a algún dos usuarios e usuarias da utilización deste modelo de transporte.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.^a) Que avaliación realiza o Goberno galego destes feitos?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.^a) Que medidas adoptará para procurar solucións, cando menos parciais, a fin de conservar, como mínimo, as viaxes de cada media hora (entre as 7 e 9 da mañá) que son profusamente utilizadas?

3.^a) Cal é o futuro do transporte marítimo de viaxeiros e viaxeiros na ría de Vigo?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2012.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 11/01/2012 13:20:10



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Ana Belén Pontón Mondelo, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O Monte Trega foi declarado **Monumento Histórico Artístico** no ano 1931 e con posterioridade **Ben de Interese Cultural**. Isto implica que calquera actuación que se realice no monte debe estar en todo momento controlada e contar cos informes preceptivos de patrimonio. Segundo a lei, 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galiza, no seu artigo 37 di: “Calquera intervención que se pretenda realizar nun inmovible declarado ben de interese cultural deberá ser autorizada pola Consellaría de Cultura, previamente á concesión da licenza municipal, coa excepción que supón o previsto no artigo 47.2 da presente lei”. Asemade, en dita lei, no artigo 57 de “Actividades arqueolóxicas”, recollese que “será necesaria a autorización previa da Consellaría de Cultura para a realización das seguintes actividades arqueolóxicas, entre outras, a que reza no apartado f de manipulación con técnicas agresivas de materiais arqueolóxicos”. Tamén a Lei recolle no artigo 91 que constitúe infracción grave “a realización de calquera intervención nun ben declarado ou catalogado sen a preceptiva autorización da Consellaría de Cultura”.

Non obstante, este grupo parlamentar ten constancia que se realizou,



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

recentemente, unha tala de árbores no monte Trega que afectou considerabelmente ao seu patrimonio arqueolóxico. A maquinaria pesada utilizada provocou un deterioro importante de xacementos arqueolóxicos catalogados. Os desperfectos producíronse fundamentalmente en “A Bouza” e a “Porta Sur”. De feito nestas dúas ubicacións pode verse o desprazamento de pedras que forman parte de muros e vivendas, afloramentos de restos de tégulas, xeixos tallados, ...


Cómpre subliñar a importancia que ten o patrimonio arqueolóxico do Monte Trega tanto desde o punto de vista cultural como turístico. De feito, na recentemente aprobada lei de Turismo recóllese a necesaria conservación do patrimonio cultural como un dos recursos básicos para a economía galega.

Por isto, e ante a gravidade dos feitos, o BNG desexa coñecer:

1. Que información ten o Goberno galego sobre as talas realizadas no Monte Trega da Guarda?
2. Que medidas pensa adoptar para repor os danos realizados?
3. Que medidas pensa adoptar para que no futuro se cumpra a normativa vixente e as talas contén cos informes necesarios e non desfagan o patrimonio arqueolóxico da zona?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2012

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín
Ana Belén Pontón Mondelo
Deputadas do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2012 13:56
Nº Rexistro: 75782
Data envío: 11/01/2012 13:56:16.885

Asinado dixitalmente por:

Maria do Carme Adán Villamarín na data 11/01/2012 13:54:25

Ana Belén Pontón Mondelo na data 11/01/2012 13:54:30



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa ás razóns que levaron á Consellaría do Mar a non gastar os orzamentos previstos para o ano 2011.

Os últimos datos oficiais, procedentes da execución orzamentaria do ano 2011, retratan unha situación absolutamente escandalosa no caso da Consellaría do Mar.

Así, a data de 30 de setembro de 2011 (co orzamento xa pechado), a Consellaría do Mar só executou o 30% do crédito vixente. Noutras palabras, deixou sen gastar o 70% do crédito dispoñíbel.

A Consellaría do Mar dispuña de 316.962.000 euros, e só gastou 95.982.000 euros. Con todo, é aínda máis grave se se exclúen do executado os gastos de persoal da Consellaría, que normalmente se contabilizan como executados na súa práctica totalidade a comezos do exercicio, co cal o nivel de execución baixaría ao 26'2% (daquela, cun 73'7% non gastado).

Especialmente sorprendente é o caso daquelas partidas destinadas ao impulso práctico da actividade pesqueira e marisqueira (excluindo portanto gasto corrente e de persoal), na que se sitúa como triste líder a Dirección Xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica (Juan Maneiro), que deixa sen gastar o 83% dos seus



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

recursos, manténdose a continuación a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (Susana Rodríguez), cun 70% sen gastar.

Por programas, encontrámonos co 78'3% sen gastar en materia de infraestruturas pesqueiras, o 60% na promoción social e divulgación da tecnoloxía pesqueira, o 79% no relativo á competitividade e mellora da produción pesqueira, ou o 69% na regulación das producións e dos mercados da pesca.

Non é, pois, problema de austeridade, senón de incompetencia, de burocratismo, de caos administrativo e de desleixo e despreocupación polo sector pesqueiro e marisqueiro galego.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes Preguntas para a súa resposta escrita:


1.^a) Cal é a explicación de todo este caos?

2.^a) Como é posíbel que existindo tal cantidade de débedas e compromisos incumpridos a Consellaría do Mar non fora quen de executar os seus propios orzamentos?

3.^a) De quen é esa responsabilidade?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2012.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 11/01/2012 14:38:14



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Luis Méndez Romeu e Miguel Angel Fernández López, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a resposta **escrita**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

No Sur da provincia de Lugo só existe unha estación de Inspección Técnica de Vehículos, na localidade de Monforte. Esa carencia fai necesario que milleiros de vehículos percorran distancias elevadas coa perda de tempo correspondente para realizar unha operación que as veces debe repetirse para acadar a correspondente certificación. Trátase dun servizo que a Xunta presta a medio dunha concesión a unha empresa privada e pola que os usuarios abonan as taxas establecidas. Non existe, xa que logo, impedimentos para incrementar o número de estacións no territorio, sempre que se acade o equilibrio da concesión.

Na contorna comarcal, os parques de vehículos matriculados, con datos de 2010, son os seguintes:

CONCELLO	VEHÍCULOS DE TURISMO	OUTROS VEHÍCULOS
Guntín	1827	539
Portomarín	1022	359
Monterroso	2073	592
Antas de Ulla	1166	316
Palas de Rei	2035	640
Taboada	1971	543
Melide	3700	1342
Santiso	1087	297
Agolada	1574	400
Chantada	5068	1902
Toques	680	189
Rodeiro	1713	508



Grupo Parlamentario

O Concello ofreceu a colaboración necesaria para a implantación do servizo, a medio dun escrito do 24 de agosto pasado, acusando recibo á Consellaría de Economía e Industria o 21 de novembro.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Doutra banda a Deputación de Lugo acordou en sesión plenaria instar da Xunta de Galicia a concesión do servizo nas localidades de Monterroso e Becerreá.

Becerreá é capital comarcal equidistante de Monforte e Lugo, onde están as actuais estacións de ITV. Arredor dese concello están os de Pedrafita do Cebreiro, Baralla, As Nogais, Cervantes, Navia de Suarna. Trátase da zona máis afastada de calquera servizo de ITV e con dificultades engadidas pola orografía e a climatoloxía. Así un trámite periódico, como a revisión de vehículos pode significar a perda dunha xornada de traballo por vehículo.

Na actualidade existe unha fonda preocupación en Galicia pola caída demográfica, especialmente grave nas provincias interiores. Todos os expertos coinciden na agregación da poboación naquelas vilas que ofrecen servizos e emprego.

A radicación dos servizos públicos ten así un carácter estratéxico. Doutra banda, as vixentes Directrices de Ordenación Territorial tamén atribúen ese carácter ás vilas nodais. Así dise especificamente:

“Estratexias para o fortalecemento dos Nodos para o equilibrio do territorio. As liñas de acción que se suxiren para iso pódense sintetizar nos seguintes...

- Mellora dos equipamentos e dotacións dos Nodos para o equilibrio do territorio aumentando a súa variedade e, sobre todo, elevando os niveis de servizo co fin de proporcionar unha oferta de calidade, adecuada ás necesidades da poboación e con capacidade para aumentar o atractivo destes núcleos como centros de residencia e actividade” (páxina 189) e tamén:



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

“2.8. OS NODOS PARA O EQUILIBRIO DO TERRITORIO

Os Nodos para o equilibrio do territorio son un conxunto de núcleos distribuídos por todo o territorio capaces de acoller funcións urbanas básicas, garantir o acceso da poboación rural aos servizos que a sociedade actual require e para proporcionar unha estrutura de poboamento viable, xestionar o territorio e aproveitar as oportunidades existentes nel. Estes Nodos pechan a xerarquía de asentamentos con influencia supramunicipal. En moitos casos, diante do despoboamento xeneralizado da súa contorna rural, os Nodos para o equilibrio de territorio están chamados a constituír nivel local básico do sistema de poboamento de Galicia con capacidade para prestar servizos adecuados á poboación e impulsar, polo menos, un nivel básico de actividades económicas. O apoio ao desenvolvemento dos Nodos para o equilibrio do territorio é clave para o mantemento da poboación e o xurdimento de novas dinámicas e constitúe con frecuencia a única garantía para o mantemento dun certo continxente demográfico en moitas comarcas abocadas a un despoboamento dificilmente reversible.

Estes pequenos ámbitos desempeñan un papel esencial para o desenvolvemento económico das zonas rurais da súa contorna. Ademais do turismo, o desenvolvemento de iniciativas empresariais, artesanais e de servizos pode constituír unha forma interesante de diversificación económica das zonas rurais. En xeral adoitan ofrecer vantaxes para o turismo, e desvantaxes para acoller actividades de produción de bens. A potenciación das novas tecnoloxías de telecomunicación constitúe a principal oportunidade de futuro para dotar de vitalidade estes Nodos, reducindo as súas desvantaxes fronte ás grandes concentracións urbanas e permitíndolles reforzar as singularidades que os dotan de atractivo.

Unha maior deterioración do tecido demográfico, urbano e económico das zonas rurais, que son moi importantes para configurar unha oferta autonómica global atractiva e diversificada, constitúe unha ameaza para o aproveitamento de recursos e oportunidades existentes no territorio.



Grupo Parlamentario

Para evitar un aumento dos desequilibrios territoriais é importante crear pequenos polos de actividades económicas no medio rural e manter ou desenvolver as dotacións e servizos dos pequenos centros urbanos, especialmente no campo da saúde, educación, cultura, transportes públicos, etc.” (páxina 187).

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Diante desa demanda social e institucional, atendendo ao propósito de reequilibrio territorial e de acordo cos instrumentos de planificación vixentes, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral escrita.

Que resposta ofrecerá a Xunta á demanda da Deputación de Lugo para a radicación de sendas estacións de ITV nos concellos de Becerreá e Monterroso?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2012

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Miguel Angel Fernández López
Deputados do G.P. Socialista

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 12/01/2012 12:07:24

Miguel Ángel Fernández López na data 12/01/2012 12:07:28



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Fernando Branco Parga, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

En marzo de 2010, o Conselleiro de Presidencia presentaba o que denominou como novo Plan Ferrol, prevíase daquela a creación de 3.400 postos de traballo en dous anos e unha achega da Xunta de 170 millóns de euros.


Xusto un ano despois, marzo de 2011, o Presidente Feijóo anunciaba a ampliación deste Plan até o 2013 para manter a discriminación positiva desa Comarca e afirmaba textualmente que: *Este Plan está funcionando a pesar das dificultades e do rigor da crise*.

Porén, estes días, o Conselleiro de Economía e Industria vén de anunciar que no ano 2012 a Xunta terá que redefinir o Plan Ferrol, mais sen aportar ningunha concreción.

Por este motivo, o **Grupo Parlamentar do BNG** formula as seguintes preguntas:

- 1.^a) Que valoración vai a Consellaría de Economía e Industria sobre os obxectivos acadados polo Plan Ferrol?

- 2.^a) Cales son as liñas mestras da Consellaría para redefinir este Plan?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.^a) Que novos obxectivos vai ter?, cal será a súa temporalidade?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2012.

Asdo.: Fernando Branco Parga

Deputado do G.P.do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Fernando Branco Parga na data 12/01/2012 13:11:05



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta escrita**.

Na Comisión Parlamentaria de Educación e Cultura, celebrada o 15 de decembro de 2011, o secretario xeral da Consellería de Cultura e Turismo, en resposta a unha pregunta feita pola parlamentaria que asina, recoñeceu que se destinaron 3,5 millóns de euros da Fundación Gaias á realización de actividades na Cidade da Cultura en 2011.

Dado que o 49% do patrimonio desta Fundación está constituída por diñeiro público e que tivo uns recursos moi por debaixo do gastado, é necesario coñecer en que foi gastada esta importante parte da dotación fundacional.

Polo exposto, a deputada asinante formula as seguinte preguntas:


- 1.^a) A que actividades concretas se destinaron os 3,5 millóns da Fundación Cidade da Cultura?
- 2.^a) Pensa a Consellería de Cultura e Turismo seguir gastando o patrimonio fundacional da Fundación Gaias en actividades da Cidade da Cultura?
- 3.^a) Cantos fondos da Fundación Gaias vai gastar a nova Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na Cidade da Cultura no ano 2012?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2012

Asdo.: Concepción Burgo López
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia


Asinado dixitalmente por:



 Grupo Parlamentario

María Concepción Burgo López na data 12/01/2012 9:52:44

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Fernando Branco Parga, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Nesta lexislatura o IGAPE decidiu privatizar o funcionamento da súa rede de oficinas no estranxeiro; para o cal asinou un convenio coa Confederación de Empresarios de Galiza por valor de 18 Millóns de Euros, a pagar en catro anos.


Por este motivo, o **Grupo Parlamentar do BNG** formula as seguintes preguntas:

- 1.^a) Que valoración vai a Consellaría de Economía e Industria sobre o resultado deste Convenio?
- 2.^a) Que actuacións concretas se desenvolveron ao abeiro deste Convenio?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2012.

Asdo.: Fernando Branco Parga
Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2012 13:25
Nº Rexistro: 75839
Data envío: 12/01/2012 13:25:02.537

Fernando Branco Parga na data 12/01/2012 13:24:15



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

.....
Partido dos Socialistas de Galicia
.....

Concepción Burgo López e Xoaquín M^a Fernández Leiceaga, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta escrita.**

O Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, anunciou en varias ocasións que serían convocadas bolsas internacionais para xestores culturais e para artistas novos a través da Cidade da Cultura.

De feito, na páxina web da Fundación Cidade da Cultura afirmase textualmente:

"No seu obxectivo de apoiar a formación, a Cidade da Cultura de Galicia convocará unha liña de bolsas dirixidas a xestores culturais novos que desexen ampliar o seu curriculum no estranxeiro.

Os seleccionados poderán así incorporar unha experiencia internacional á súa formación."

E respecto as bolsas para artistas novos se di "Mergullarse en novas experiencias creativas, explorar realidades diferentes ou conectarse coas correntes e tendencias máis experimentais. Todos estes son obxectivos deste conxunto de bolsas, que teñen por principal finalidade proporcionarlles a artistas novos a posibilidade de afondar na súa formación alén das nosas fronteiras.

A Cidade da Cultura quere apoiar os novos talentos emerxentes facilitando a súa formación internacional, convencidos de que na apertura cultural se atopa unha das chaves para estimular o talento dos artistas máis novos."

Son bonitas palabras e boas intencións pero que non pareceron atopar en case un ano un cumprimento en firme.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:



Grupo Parlamentario

1.^a) Foron convocadas pola Cidade da Cultura as bolsas internacionais para xestores culturais e artistas novos?

2.^o) Se non foron convocadas ata agora, ¿cando o serán e cal é a causa do retraso?

3.^a) Cantas bolsas de cada categoría serán convocadas?

4.^a) Cal será a contía de cada bolsa?

5.^a) Que duración terán ditas bolsas?

6.^a) Que requisitos serán pedidos aos solicitantes?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2012

Asdo.: Concepción Burgo López
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Concepción Burgo López na data 12/01/2012 10:04:25

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/01/2012 10:04:32



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

.....
Partido dos Socialistas de Galicia
.....
Concepción Burgo López e Xoaquín M^a Fernández Leiceaga, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta escrita.**

O Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, anunciou en repetidas ocasións a convocatoria de bolsas para novos xestores culturais na Cidade da Cultura. De feito, na páxina web da Fundación Cidade da Cultura se afirma que " Os seleccionados integraranse en diferentes departamentos da Fundación Cidade da Cultura, involucrándose na planificación da programación cultural que se está a levar a cabo e coñecendo o funcionamento dun centro cultural de referencia."

"Estas bolsas conectan co obxectivo de apoiar a formación, especialmente das xeracións máis novas, constituíndo o Gaias nun espazo de referencia para a aprendizaxe dos futuros profesionais no campo da xestión cultural"

Este anuncio leva varios meses na citada páxina web pero nada sabemos sobre a convocatoria destas bolsas nesta liña habitual da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que só fai anuncios que nunca se levan á práctica.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Convocáronse as cinco bolsas para xestores culturais na Fundación Cidade da Cultura?
- 2.^a) Senón se convocaron, ¿cando van a facelo e cal é a causa do retraso?
- 3.^a) Cal será a contía de cada bolsa?
- 4.^a) Que duración terán sas ditas bolsas?



Grupo Parlamentario

5.ª) Que requisitos serán pedidos aos solicitantes?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2012

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asdo.: Concepción Burgo López
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Concepción Burgo López na data 12/01/2012 10:20:02

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/01/2012 10:20:07



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

.....
Partido dos Socialistas de Galicia
.....

Concepción Burgo López e Xoaquín M^a Fernández Leiceaga, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta escrita.**

Na Comisión Parlamentaria de Educación e Cultura, do día 15 de decembro, o secretario xeral da Consellería de Cultura e Turismo, afirmou que a Fundación Gaias estaba subvencionando parte da programación realizada na Cidade da Cultura e que o seu padroado se reunía varias veces o ano, polo que se entende que está en pleno funcionamento.

Esta Fundación foi creada a finais do ano 2008 entre a administración pública, a través da Fundación Cidade da Cultura, e varias empresas privadas e por suposto ten uns estatutos que regulan o seu funcionamento.

No capítulo II destes estatutos e nos seus artigos 28, 29, 30 e 31, trátase sobre a dirección xeral da Fundación e os directores e comité de actividades culturais.

No artigo 28 afirmase que será nomeado un director xeral polo Padroado a proposta do presidente/a da Fundación Cidade da Cultura. No artigo 29 establécense as funcións do director xeral, entre as que están executar os acordos adoptados polo Padroado, dirixir, controlar e avaliar a organización e actividades da fundación, elaborar e propoñer ao Padroado o orzamento anual de gastos e administrar o patrimonio da Fundación, ademais de preparar a memoria do exercicio e balance da situación. No artigo 30 especificase que a xestión e promoción das actividades culturais poderán encomendarse a varios directores de actividades, e no 31 se regula que terá que existir un Comité de Actividades Culturais para a elaboración da programación cultural da Fundación, constituído polos directores das actividades específicas que conforman o proxecto cultural da Cidade da Cultura, polos directores responsables das actividades transversais e por unha representación do padroado.



Grupo Parlamentario

Dado que a Fundación Gaias está en funcionamento dende 2010 e xa que destina parte dos seu fondo fundacional a actividades da Cidade da Cultura, entendemos que se estará xestionando seguindo os seus estatutos e se dotará dos órganos necesarios para levar a cabo o seus fins.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Foi nomeado un director/a xeral da Fundación Gaias tal como se recolle no artigo 28 dos seus Estatutos?
- 2.^a) Si é así, ¿quen é o/ou director/a?
- 3.^a) Senón existe esta figura na Fundación Gaias, ¿quen está desenvolvendo as funcións que os Estatutos lle marcan?
- 4.^a) Existen directores de Actividades na Fundación Gaias?
- 5.^a) Existe un Comité de Actividades Culturais tal como marca o artigo 31 dos Estatutos?
- 6.^a) Si existe ¿quen son os seus membros?
- 7.^a) Senón existe, ¿quen está elaborando a programación cultural financiada pola Fundación Gaias?


Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2012

Asdo.: Concepción Burgo López
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Concepción Burgo López na data 12/01/2012 10:36:35



 Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/01/2012 10:36:46

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727